



## SOS COCIÑAS: NON A REBAIXA PROFESIONAL !

*Boletín especial sobre a rebaixa profesional do persoal que traballa nas cociñas e dos dereitos laborais do Persoal de Administración e Servizos.*

### Cociñas escolares sen persoal titulado, profesionais rebaixados

*As contratacións de oficiais de segunda sen titulación específica so son a punta do iceberg dun problema moito maior: a rebaixa profesional nas cociñas de xestión directa da Xunta e o desleixo da Consellería de Educación co Persoal Non Docente.*

**A rebaixa profesional é produto dunha funcionarización chapuza e con equivalencias “a baixa”.**

A funcionarización foi artellada no marco do Acordo de Concertación da Xunta con CCOO e UGT, e xa estamos a sufrir os seus efectos. A rebaixa profesional do persoal nas cociñas é a consecuencia da funcionarización á baixa, que non tivo en conta as titulacións requiridas ao persoal laboral nas súas oposicións. Logo aseguraron a rebaixa por lei coa creación das escalas polo que nos deixou sen defensa xudicial.



CATEGORÍA LABORAL	TÍTULO ESIXIDO LABORAL	EQUIVALENCIA ESCALA FUNCIONARIAL	TÍTULO ESIXIDO NA LEPG (art 42-DA9ª)
Oficial de 1ª de cociña (GIII)	Técnico superior/especialista/FPII (grao superior)	Oficial 1ª-C1 Corpo de axudantes de carácter facultativo, escala técnica de cociña	Técnico/a (grao medio)
Oficial de 2ª de cociña (GIV)	Técnico/a/FPI (grao medio)	Oficial 2ª-C2 Corpo de aux. de carácter técnico, escala auxiliar de cociña	ESO – titulación que habilita para a profesión (sen sinalar cal)

Ao trasladar á Lei de Emprego Público de Galiza ás escalas á baixa, rebaixaron tamén o nivel de esixencia na titulación. Na convocatoria da escala de Oficial de 2ª pasaron de pedir ensinanzas técnicas de Ciclo Medio a tan so a ESO, e ao persoal ao que lle pediron ensinanzas do Ciclo Superior para Oficial de 1ª agora esixen Ciclo Medio. Como se come iso?

Unha chapuza maiúscula da que xa estamos a sufrir os seus efectos máis directos: salarios reducidos e chamamentos sen titulación específica para facerse cargo das cociñas.



## Pode unha persoa sen titulación técnica facerse cargo dunha cociña?

Temos que ser conscientes de que ser responsable dunha cociña non só é cuestión de saber cociñar para moitas persoas, é a de dar un servizo de calidade e con características nutricionais adecuadas, cumprindo a normativa obrigatoria en materia de prevención e hixiene alimentaria e a recente Lei 1/2025 de Prevención das perdas e desperdicio alimentario e, por suposto tamén dar resposta ás alerxias e intolerancias alimentarias.

## Como deberan estar creadas as escalas de cociña ?

O artigo 76 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, clasifica os corpos e escalas segundo a titulación esixida:

A1 e A2	Título universitario de grao (subgrupos en base ao nivel de responsabilidade)
B	Técnico Superior. (FPII)
C1	Título de Bacharelato ou Técnico (FPI)
C2	Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (EXB)
AP	Sen esixencia (en extinción)

Polo, que si se fixeran as cousas de forma correcta, tendo en conta a titulación esixida como laboral e o EBEP, o desenvolvemento axeitado dos grupos do persoal que traballa nas cociñas de xestión propia da Xunta de Galiza sería o seguinte:

CATEGORÍA LABORAL	TÍTULO QUE SE ESIXIU	ESCALA FUNCIONARIAL (proposta CIG)	GRUPO EBEP
Oficial de 1ª	Técnico superior Hostalaría e Restauración/FPII	Xefe/a de cociña (Oficial 1ª)	B
Oficial de 2ª	Técnico medio en Cociña/FPI	Axudante/a facultativo de cociña (Oficial 2ª)	C1

## As Agrupacións Profesionais, o grupo máis numeroso dos centros escolares

Por se non chegaba co desleixo ao persoal subalterno, que manteñen sine die na Agrupación Profesional a pesar de que as súas tarefas actuais superan as de conserxería, agora meteron tamén na AP ás Camareiras-Limpadoras e as Axudantes de cociña. Co Acordo de concertación CCOO+UGT+Xunta consolidan a intención da Xunta de non extinguir a Agrupación Profesional a pesar de que o 100% do persoal ten a titulación requirida e se presentou a unha oposición altamente competitiva.



As tarefas que realizan a escala de persoal subalterno, a do persoal de limpeza e recursos naturais e forestais e a do persoal de mantemento son esenciais nos centros para manter os servizos públicos de calidade. Traballos duros, penosos e tóxicos, con malos horarios e ademais pouco valorados. Manter a AP é simbólico do clasismo estrutural da Xunta do PP.

## A distribución das escalas nas cociñas deixa os centros escolares con responsables sen esixencia de titulación en cociña.

Tal e como están repartidas as categorías nos centros e plasmadas nas RPT das consellerías, hoxe nas cociñas escolares so temos oficiais de segunda. É dicir, as cociñas escolares están a ser xestionadas polo **corpo de auxiliares** de carácter técnico. A quen auxilian? Como podes ver no cadro a distribución de Política Social é mais equilibrada porque en moitos centros hai postos de oficial de 1ª e de 2ª, creándose unha estrutura.

Reparto de escalas segundo consellerías:

CONSELLERÍAS	OFICIAIS 1ª	OFICIAIS 2ª	AXUDANTES COCIÑA
Educación	14	270	424
Política Social	65	67	99
Xuventude	3	4	5
Medio Rural	4	0	6
Presidencia	1	2	2
Mar	1	2	8
<b>TOTAIS XUNTA</b>	<b>88</b>	<b>345</b>	<b>544</b>

## As tarefas de coidados feminizadas son as máis precarizadas, tamén na Xunta de Galiza!

As profesionais de servizos públicos adicadas ao coidado, para os que se require un título de formación profesional, xusto son as categorías nas que realizan unha funcionarización á baixa, non pasou así noutros sectores onde a maioría son homes.

## Pérdense 1700 euros brutos anuais tan so no salario base

Ao facer a equivalencia á baixa, persoal está nun grupo inferior ao que lle correspondería se fixeran unha equivalencia laboral-funcionaria xusta polo que a diferenza tan so no salario base de estar nun subgrupo inferior é de arredor do 1700 euros anuais de perda, non é moco de pavo.

## Como laborais o xulgado outorgaba a diferenza salarial

O persoal laboral dos centros educativos tiñan recoñecido por sentenza a categoría ou a diferenza salarial, porque as funcións que facían se correspondían coas do oficial 1ª de cociña. A Xunta nunca quixo recoñecer e adaptar as RPT ás sentenzas e, despois coa funcionarización ignorou de novo que tiña a persoal nunha categoría que non lle correspondía.

## Listas pechadas e ofertas polo SEPE

As listas que se empregan hoxe para a cobertura de prazas ou substitucións son polo de agora as de persoal laboral, ao que se lle requiriu para anotarse a titulación específica en cociña de técnico ou técnico especialista. Pero ou están esgotadas ou case, e durante este 2025 tiraron de ofertas de contratación polo

SEPE. Se temos en conta que so temos prazas de cociñas das escolas no C2, as ofertas do 2025 saíron co único requisito de ter a ESO/EXB.

## As novas listas de contratación e as oposicións de Oficial de 2ª, sen requisito de titulación en cociña.

A Administración anunciou a publicación de listas novas e a previsión das convocatorias de oposicións para xuño de 2025, a desfeita está servida, xa que para Oficial de 2ª so pedirán ter a ESO/EXB.



## EN LOITA POR UN ACORDO DE CONDICIÓN DE TRABAJO!!

## A Consellería de Educación non vai as mesas de negociación onde está a representación do seu Persoal de Administración e Servizos.

Hai profesións “de segunda” para a Consellería de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades e NON se reúne coa representación do persoal non docente, a pesar das solicitudes de negociación que lle facemos cada ano e a multitude de problemas que hai nalgúns centros.

E tampouco asiste ás Mesas Xerais de Persoal Empregado Público, nin as Sectoriais de Persoal Funcionario (agás que queira impoñer unha modificación na súa





# A Xanela

RPT) e tampouco se presenta ás Comisións de Persoal dende hai 5 anos. Si que convoca a Mesa Sectorial de Ensino onde **so** esta representado o persoal docente.

## DENUNCIA ANTE A VALEDORA DO POBO

Ante o silencio e a negativa a rectificar da Consellería de Educación coas escalas rebaixadas, acudimos nestes días a Valedora do Pobo que **xa admitiu a trámite a denuncia da CIG**.

Tes máis información neste enlace: [A CIG pide á Valedora do Pobo que garanta que o persoal cociñeiro teña titulación técnica](#)



## Sen dereitos laborais, os problemas nos centros multiplicase

O persoal laboral que se funcionario quedou sen os dereitos laborais do V Convenio máis coa obriga da prestación de servizos. Aínda que dende Emprego Público díxose que non ían mudar as condicións nos centros, os problemas multiplicáronse e xa non podemos acudir ao xulgado para facer valer os dereitos laborais e salariais do V Convenio.

Outros colectivos xa negociaron as súas condicións laborais, como é o caso do persoal de Política Social ou de incendios forestais, pero aínda faltamos moitos por regular para evitar abusos patronais.

Por iso a CIG propuña levar os dereitos do V Convenio á LEPE, mentres non negociabamos un Acordo marco.


NON quixeron nin a Xunta nin ás organizacións asinantes oír falar do traslado dos dereitos para a todo o

persoal, e agora estamos a expensas da vontade dunha Consellería que nin se presenta ás mesas.

## A loita é o único camiño!

Máis coma sempre, os avances laborais so os conseguimos mediante o conflito e a mobilización, e **imos loitar todas xuntas polos dereitos laborais do persoal non docente!**

Comezamos co calendario de mobilizacións, cunha manifestación ao remate do curso, para que todas e todos podamos asistir e sexa multitudinaria!!



**Fronte a desprofesionalización do persoal das cocinas da Xunta de Galiza!**

**Polos dereitos do Persoal Non Docente!**

## MANIFESTACIÓN

**Luns 30 de xuño ás 11h**  
Rúa Otero Pedrallo - Consellería de Educación - San Caetano - Compostela



## SAIRÁN AUTOBUSES DE TODAS AS COMARCAS

### Teléfonos de contacto con CIG-Autonomica

A Coruña	981 185 993	Lugo	982 294 209
	981 169 803		982 815 015
Compostela	981 545 909	Ourense	988 233 850
	881 997 290	Pontevedra	986 805 515
Ferrol	981 358 750	Vigo	986 817 597
			986 827 927